

CURSO FORMATIVO.- INTERVENCIÓN, EMPRENDEMENTO FEMININO E PLANS DE IGUALDADE EN ENTIDADES DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL E O DESENVOLVEMENTO DE GALICIA.

Formación en liña de 5 horas en materia de Igualdade Laboral a través da cal se pretende afondar sobre o contido e medidas dos plans de igualdade, o emprendemento feminino e a intervención nas entidades de atención a persoas con discapacidade intelectual e o desenvolvemento de Galicia.

Docentes

- **Jose Fernando Lousada Arochena.** Maxistrado no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
- **Noelia López Álvarez.** Consultora de RSE e sustentabilidade. IntheMOVE. Consultoría de Estrategia Responsable e Innovación Social
- **Idoia Mouriño.** Federación gallega de asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual (FADEMGA)

Aprende ao teu ritmo

O curso formativo combinará actividades síncronas e asíncronas. Así, o curso de 5h de duración constará dunha **parte pre-gravada (módulo asíncrono)** e **dunha sesión en liña**, que se celebrarán en **horario de mañá de 10:00 a 13:00h** o **luns 30 de xaneiro de 2023 (módulo síncrono)**.

O alumnado poderá acceder aos distintos contidos teóricos formativos e ás pímulas audiovisuais do curso durante todo o período de vixencia do mesmo.

Que inclúe este curso?

Módulo asíncrono: A diagnose e as medidas de igualdade nos plans de igualdade

Parte 1. Charla maxistral sobre a diagnose e a negociación dos Plans

Parte 2. Charla maxistral sobre as medidas de igualdade

Módulo síncrono: O emprendemento feminino e Intervención

Parte 1. Fomento do emprendemento feminino

1. Situación sociolaboral das mulleres con discapacidade
2. Emprendemento e autoemprego
3. Exemplos e boas prácticas. Referentes femininas

Parte 2. Intervención

1. Aspectos psicosociais na intervención: detección e manexo de ferramentas para unha correcta intervención.
2. Deseño de itinerarios personalizados de inserción incorporando a perspectiva de xénero.

Cal é a estrutura e o desenvolvemento deste curso formativo?

A duración do taller será de **5 horas** e adecuarase á **seguinte estrutura**:

- **Módulo asíncrono_ Píldoras pre- gravadas (2 horas)**

Este módulo estará composto por **píldoras formativas** de 2 horas de duración (asíncronas) a través das cales o docente exporá os contidos formativos sobre a diagnose e as medidas de igualdade nos plans de igualdade. Ase mesmo, o alumnado disporá de documentación soporte para o entendemento da materia.

- **Módulo síncrono_ Sesión en liña (3 horas)**

Neste caso, levarase a cabo unha **sesión en liña** que seguirá a seguinte estrutura:

30 de xaneiro de 2023	
Horario	Exposición
10:00 - 10:05 h	Presentación da xornada <i>Representante da Dirección Xeral de Relacións Laborais</i>
10:05 - 10:45 h	Parte 1. O fomento do emprendemento feminino <i>Noelia López Álvarez. Consultora de RSE e sustentabilidade.</i> <i>IntheMOVE. Consultoría de Estrategia Responsable e Innovación Social</i>
10:45 - 11:00 h	Ronda de consultas
11:00 - 11:05 h	Descanso
11:05 - 12:45 h	Parte 2. Aspectos psicosociais e deseño de itinerarios personalizados de inserción <i>Idoia Mouriño. Federación gallega de asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual (FADEMGA)</i>
12:45 - 13:00 h	Ronda de consultas

Os requisitos para **obter o certificado de aproveitamento** do taller será **asistir á sesión en liña e responder satisfactoriamente, polo menos o 70% das cuestións expostas nun dos test de avaliación** que estará dispoñible no campus en liña.

A quen vai dirixido?

Persoal das entidades de atención de persoas con discapacidade intelectual.

Duración

Desde o **23/01/23 ao 06/02/23**

Durante toda a duración do curso formativo, o alumnado terá acceso ao módulo asíncrono (píldoras pre- gravadas e documentación soporte) e o 30 de xaneiro de 2023 en horario de mañá (de 10:00h a 13:00h), levarase a cabo a sesión en liña (módulo síncrono)

Ase mesmo, as persoas participantes terán **ata o luns 6 de febreiro** para responder ao **test de avaliación** posto a súa disposición a través do campus en liña. Para a súa realización se disporá das 24 horas do día, todos os días da semana.

Inscripción

O prazo de inscrición finaliza o **20 de xaneiro de 2023**.

